

Informe Obradoiro creación literaria CPI Cotarelo Valledor de Boimorto

Datas: Do 26 ao 29 de marzo de 2007

Alumnos: 17 rapazas e rapaces de 4º ESO, arredor de 16 anos. Monolingües en galego.

Horario: Dúas horas e media diarias. Horario Matinal.

Unha presentación breve por parte da profesora de galego do centro iniciou o obradoiro no que, desde o primeiro día, puxemos como proba final a escrita dun relato colectivo entre todos os rapaces da clase. A primeira xornada adicouse ao intercambio de información: lecturas habituais das rapaces, lecturas posibles fóra do contexto educativo, intereses culturais, grados de relación entre os rapaces e perspectiva que tiñan sobre a literatura. Aseguran non estar desinteresados da lectura, pero lles parece máis atractiva a música da que, sobre todo as rapazas marcan preferencias con Maná. Os rapaces amósanse máis coñecedores dos videoxogos, das distintas competicións deportivas, en especial do fútbol, e todos son usuarios de móbil e se manexan na linguaxe SMS. A actitude a respecto do obradoiro é deportiva: tenlles gracia pero non son moi extravertidos. Comezamos por buscar os motivos para contar unha historia, para escribir antes de buscar os sucesivos métodos para decidir como se conta esa historia. Pasamos á práctica cunha serie de preguntas sobre cales son, desde o seu punto de vista, aquelas historias para contar e o resultado é tan variado como xuvenil. Apúntanse algunhas liñas pero non hai acordo sobre o camiño a seguir. Decidir cáusalles algunhas inhibicións.

O segundo día volvemos a punto morto do anterior recuperando algúns feitos da prensa e tamén debatendo sobre cales serían aqueles asuntos dos que suceden nos seus pobos que, segundo eles, poderían ser argumento literario. Por esta banda se divirten máis, pero os argumentos volven sempre sobre aspectos similares: noites de copas, situacións de parellas, épica de discoteca e algunha viaxe. A posición masculina é radicalmente diferente e a que corresponde cos estereotipos, eles son máis agresivos, elas son máis tranquilas. En case todas as historias hai unha compoñente latente e por resolver sobre o sexo. Acordamos que o sexo é importante aínda que unha aula do colexio non sexa o lugar para falar del. Levámolo ao campo da literatura e aproveitamos para especular sobre canto das narracións ten que corresponderse coa realidade e canto debe fuxir dela. Os alumnos apuntan que viaxar é un bo argumento literario e buscamos información sobre as viaxes que levan feito. A conclusión é que a súa vindeira viaxe a Valencia como fin de ciclo escolar é das máis interesantes e nos, en conxunto, calculamos que vai suceder. O patrón persiste mentres soa o timbre.

No medio do obradoiro tomamos a picara por asalto e comezamos a apuntar liñas argumentais para ese relato sobre unha viaxe de fin de curso a Valencia. A opinión delas é determinante para que haxa algo de aventura sentimental. Suscítase un debate neste punto sobre figuras e protagonistas. A pregunta central do debate era: quen lle entra a quen nunha noite de copas. Pero conseguimos unha ramificación interesante para a mesma: quen lle entra a quen na realidade e quen lle entra a quen na ficción. Os rapaces prefiren pensar que non ten que haber exactitude entre realidade e ficción e entre os primeiros apuntes para o relato chegamos á conclusión de que a acción estará movida por unha muller, é dicir terá a iniciativa e que levaremos a acción a Valencia, en

hipótese e sen detalles. Como o relato será breve por necesidade e por vocación, entremos no terreo da polisemia explicando que as palabras haberán de ter case un dobre valor: o de contar a historia e o de revelar a intención final. Antes de rematar, buscamos a maneira de contar: descritiva, dialogada, combinada, pero eles se encontran máis cómodos escribindo frases de diálogos.

Comezamos a escrita definindo o ambiente, tentando encontrar un clima de relato. Escollen un ton no que manter o carácter de comedia con que se toman o asunto de escribir e no que se poden incorporar algunhas das ocorrencias da particular tormenta de ideas da mañá. Como o punto de partida é demasiado literal ou demasiado obvio, comezan a buscar alternativas a partir de algúns exemplos literarios. Por facer exercicios tamén facemos algunhas versións malintencionadas de textos coñecidos. Deciden comezar no particular e o método de escrita é o de ir propoñendo frases e discutindo as accións que suxiren e cara onde levan o relato en cada caso. Este método repítese durante o último día con máis participación, en parte tamén pola urxencia de ser capaces de completar o relato.